

Informe 1/2008 de 15 de abril de 2008: ALCANCE DOS INFORMES FACULTATIVOS: DA XUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA. MESAS DE CONTRATACIÓN DAS CORPORACIÓNS LOCAIS.

ANTECEDENTES

Polo Alcalde do Concello de Ribadeo, de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria de 28 de decembro de 2007, remítese escrito no que literalmente dí:

“interésase informe desa Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, en relación co asunto relativo á adxudicación do contrato de servizos de recollida de envases (contedor amarelo) e explotación do depósito de entullos e residuos de construción e Punto Limpo. A tal fin achégolle certificación do referido acordo plenario así como documentación relativa as dúas ofertas presentadas polas dúas empresas que participaron na licitación e os informes xurídico da Secretaria Xeral deste Concello e técnico emitido pola empresa NOVOTEC.”

O referido escrito adxúntase documentación correspondente ó expediente de contratación.

CONSIDERACIONS XURÍDICAS

1.- Con carácter previo o exame do solicitado, indicar que na data en que tivo entrada o escrito do Alcalde do Concello de Ribadeo -24 de xaneiro de 2008-, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia atopábase en proceso de constitución dentro do prazo establecido na Disposición derradeira segunda do Decreto 237/2007, do 5 de decembro, (publicado no DOG nº 244 de 19/12/2007) polo que se crea e se regulan a súa composición e funcións.

Dado que o acto constitutivo do órgano celebrouse en Santiago de Compostela o pasado 31 de marzo, resulta xustificoado que non se atendera o prazo de emisión do informe en 15 días a contar dende a súa presentación previsto no artigo 12.2 do decreto.

2.- Cabe suliñar tamén que, se ben se constata a procedencia do órgano solicitante como petionario segundo o artigo 11 do antedito decreto, observase no texto a falta de definición e concreción do motivo obxecto da consulta, toda vez que, coa referencia xenérica á *“adxudicación do contrato de servizos (...)”* e coa remisión íntegra do expediente, indúcese a pensar que se solicita a revisión íntegra do procedemento.

O respecto indicar, en primeiro lugar, que aínda cando se atribúe á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para pronunciarse sobre as cuestións que, na materia, se sometan á súa consideración (artigo 2.1 do Decreto 237/2007, do 5 de decembro), non lle corresponde informar expedientes concretos de contratación, nin suplir as funcións que, en virtude da lexislación vixente en materia de contratación, corresponde a outros órganos como poden ser as Mesas de contratación. Tampouco actúa como fiscalizador das actuacións acordadas polos órganos con competencia na materia nin como preliminar nin substituta de instancias ás que lles corresponde resolver as reclamacións ou recursos que os interesados interpoñan.

3.- Non obstante o anterior, dunha lectura pormenorizada da certificación do Secretario do Concello que transcribe o debate do Pleno de 28 de decembro de 2007 no que se acorda remitir o expediente, infírese que o punto de discusión que motivou a solicitude é a discrepancia dalgúns membros da Corporación co informe sobre valoración das ofertas emitido por unha empresa externa á petición da Mesa de contratación, asunto que procede tratar en previsión de novas consultas que se poidan presentar neste órgano.

Para determinar a procedencia ou non da emisión de informes por persoal ou empresas externas á Mesa de contratación, é convinte analizar inicialmente a súa composición nas Corporacións Locais que, regulada no parágrafo 3 da Disposición adicional 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas (en adiante TRLCAP), literalmente dí: *“A Mesa de contratación estará presidida polo Presidente da Corporación, ou membro de ésta en quen delegue, e formarán parte da mesma como vocais o Secretario e o Interventor e aqueles outros que sexan designados polo órgano de contratación entre funcionarios, persoal laboral ou concelleiros, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.”*.

Respecto as súas funcións, unha das principais aportacións da Lei de Contratos das Administracións Públicas de 1995 foi a de configurar a Mesa de Contratación como órgano técnico de asistencia ó órgano de contratación. Na anterior lexislación tiña una función burocrática de exame e cualificación da documentación presentada, limitándose a informar o órgano de contratación das que cumprían os requisitos esixidos nos pregos, de xeito que recaía neste último a decisión de designar o adxudicatario do contrato. Coa nova lei, a Mesa cualifica a documentación administrativa aportado polos licitadores, estuda e valora as proposicións segundo o baremo que consta no prego, e, finalmente, formula proposta de adxudicación que a de remitir ó órgano de contratación o que, de non adxudicar o contrato á empresa proposta pola Mesa, virá obrigado a xustificar as razóns polas que se separa de tal criterio.

No exercicio de tales facultades a Mesa *“poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato”* (art. 81.2 TRLCAP). O respecto, consta no expediente que *“a teor da complexidade da oferta e ao non dispor de persoal especializado en Medio Ambiente”* o Concello solicitou, en primeiro lugar, informe á Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible quen, con posterioridade, argumentaría a súa negativa ó requirido na imposibilidade de *“emitir un informe que incida ou poida determinar a decisión final do Concello para adxudicar a unha empresa concreta a concesión dun servizo público”*. Acórdase entón pola Mesa remitir a proposta técnica a unha empresa do sector privado en demanda de informe sobre as ofertas.

Polo tanto resulta evidente que a ausencia, tanto na composición da Mesa como no cadro de persoal dun concello de expertos idóneos para informar expedientes de complexidade técnica e unha das premisas que ampara a posibilidade de que a Mesa solicite os informes que considere pertinentes en aras de acordar unha vontade suficientemente informada da documentación presentada polos licitadores.

É de significar tamén que os informes solicitados non constitúen por sí mesmos as propostas, xa que non é esa a súa función senon fundamentar e dar soporte á valoración que a Mesa debe facer das ofertas en atención os criterios de adxudicación e baremos previstos nos pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados.

Abonda na negativa de este órgano consultivo a emitir informe nos termos requiridos que non é da súa competencia analiza-lo informe aportado nin aprobar ou xulgar o seu valor técnico, sendo esa unha función asignada a Mesa que, asumíndo ou non o seu contido, deberá motivar a proposta de adxudicación que remite ó órgano de contratación, coas premisas e xustificacións que amparan a súa decisión.

CONCLUSION

Polo exposto, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa entende que no pode realizar pronunciamento algún sobre o expediente nos termos en que foi requirido polo Alcalde do Concello de Ribadeo o non corresponderlle analizar expedientes concretos nin suplir as funcións que, en virtude da lexislación vixente en materia de contratación, corresponde a outros órganos.